



Axudas para participar no fondo solidario e para a adquisición de libros de texto e material escolar no curso 2024-2025

A Silva, a 21 de maio de 2024

Estimadas familias:

No DOGA do 20 de maio de 2024 aparece publicada a **Orde do 7 de maio de 2024 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto así como material escolar.**

A orde integra as diversas modalidades de gratuidade solidaria dos libros de texto dos niveis obrigatorios de ensino: Educación Primaria e 1º, 2º, 3º e 4º de Educación Secundaria Obrigatoria:

- **Participación no fondo solidario de libros de texto en 3º, 4º, 5º e 6º de EP.**
- **Axudas para adquirir libros de texto en 1º e 2º de educación primaria e en educación especial; así como axudas que pode recibir o alumnado con discapacidade $\geq 65\%$ e con NEAE.**
- **Axudas para adquirir material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial.**
- O alumnado matriculado nos centros e cursos incluídos no **proxecto educación dixital (E-DIXGAL)** no curso 2024/2025 está excluído da participación no fondo solidario de libros de texto e das axudas para adquirir libros de texto. Non obstante, poderá solicitar a axuda para adquirir material escolar cando reúna os requisitos establecidos na orde (no noso colexio, o alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria).

OBRIGAS DO ALUMNADO BENEFICIARIO

As persoas beneficiarias de libros procedentes do **fondo solidario do centro ou de axudas para adquirir libros de texto**, Terán as seguintes **obrigas**:

- **Devolver os libros de texto e o material reutilizable adquirido coas axudas para libros de texto ou recibido do fondo solidario no curso 2023/2024.**

Está **excluído desta obriga** o alumnado de 1º e 2º de EP, agás cando cambie de centro antes do 31 de marzo de 2025, caso en que deberá devolver os libros no centro de orixe; e o alumnado de EE, o que teña unha discapacidade superior ao 65 % e o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo



que non poida usar os libros de texto ou o material dixital do curso en que estea matriculado, **sempre que os libros ou o material adquirido non se poidan reutilizar.**

A **falta de devolución** será causa de **exclusión da participación tanto do fondo solidario como das axudas** para adquirir libros e material no curso escolar 2024/2025.

- **Conservar en bo estado** os libros de texto recibidos do fondo ou adquiridos coas axudas para libros de texto no curso escolar 2024/2025 e **devolverlos** ao rematar este.
- Destinar o importe do vale a **adquirir os libros que indique o centro.**
- Destinar o importe do **vale** para **material** e **adquirir o material escolar que necesite.**
- Respetar as obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

- A solicitude (EC330B) será única para todos os fillos e, de ser o caso, tutelados, que estean admitidos no mesmo centro docente para o curso 2024/2025, e nela especificarase o nivel de estudos que espera realizar cada un deles no dito curso. Se están admitidos en centros docentes distintos, presentarase unha solicitude en cada un dos centros.
- O alumnado de 6º curso de Primaria presentará a solicitude no centro no que esté admitido para o curso 2024/2025.
- Cando o alumnado, no momento de presentar a solicitude, aínda non esté admitido en ningún centro docente para o curso 2024/2025, deberá presentala no centro en que estivese matriculado no curso 2023/2024. Este centro rexistrará a solicitude de maneira que acredita a súa entrada en prazo e enviaraa ao centro de destino en que o alumno resulte admitido, que será o encargado da súa gravación e tramitación.

PRAZO PARA PRESENTAR AS SOLICITUDES

- Do **21 de maio ao 21 de xuño**, ambos inclusive (**IMPORTANTE: uns días antes de que remate o prazo enviarase un recordatorio por ABALAR, pero non se farán chamadas telefónicas individuais. É responsabilidade do solicitante estar atento aos prazos, polo que recomendamos non deixalo para o último día para que non se vos pase ou hai que enmendar algún erro**)
- Presentarase na Sede Electrónica da Xunta de Galicia ou no centro . No caso da aplicación imprimir e entregar no centro para a comprobación dos datos.

DEVOLUCIÓN DOS LIBROS DE TEXTPO



- O alumnado deberá devolver os libros de texto adquiridos con cargo ás axudas do curso 2023/2024. O prazo máximo para devolvelos será o **20 de xuño de 2024**.
- A falta de devolución dos libros de texto será causa de exclusión da participación no fondo solidario.

PUBLICACIÓN DAS LISTAXES PROVISIONAIS E DEFINITIVAS

- Publicación das listaxes provisionais: Ata o 12 de xullo de 2024 (reclamación 2 días seguintes á publicación)
- Publicación das listaxes definitivas: Ata o 26 de xullo de 2024

No momento de publicación das listaxes enviarase un ABALAR ás familias informando da data da mesma.

As listaxes publicaranse no taboleiro de anuncios situado no interior do colexio.

Unha vez entregados os vales de axudas para libros e material haberá 10 días desde que se recibe o vale para a emenda de erros detectados nos mesmos. O **uso dos vales** deberá realizarse **antes do 10 de abril de 2025**.

Os libros entregaranse ou ben o día de comezo do curso 2024/2025 ou ao longo da primeira semana do mesmo, previa sinatura de conformidade do representante legal do alumnado do documento de entrega.

INFORMACIÓN DE INTERESE

Tedes a vosa disposición, no centro, os anexos en formato impreso por si non tedes medios telemáticos para poder realizar os trámites.

A solicitude poderá cubrirse on -line e de seguido imprimila e asinala, descargándoa dende a páxina web do colexio. Na mesma tedes información adicional e acceso aos anexos.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcelsoemilioferreiro/> **(Secretaría-Axudas libros)**

Para calquera dúbida podedes acudir ao centro.

Lémbrese que o **horario de Secretaría para ATENCIÓN ÁS FAMILIAS** é o **luns e martes de 9:45 a 10:40**. Durante o prazo de presentación de solicitudes atenderase tamén os **mércores e venres de 8:45 a 9:40**.

O director

Asdo: José Domínguez Caballero